



# CCOO INFORMA 7/24

## AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL DE PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA PROPIA OU AUTÓNOMAS

### Persoas beneficiarias

- Persoas traballadoras dadas de alta no RETA, no Réxime Especial de Traballadores do Mar por conta propia ou mutualistas.
- As persoas membros de sociedades e comunidades de bens, a título individual.

### En qué consisten as axudas?

- Bono autónomo Concilia I: Será subvencionable a contratación realizada por unha persoa traballadora autónoma para a substitución nos casos de maternidade ou paternidade, unha vez iniciado o seu período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, e pola duración desta. Tamén será subvencionable a contratación dunha persoa traballadora para a substitución da traballadora autónoma no caso de baixa por risco durante o embarazo ou a lactancia, e pola duración da dita baixa, sempre que a persoa beneficiaria cumpra os requisitos establecidos nesta orde.
- Bono autónomo Concilia II: Será subvencionable a contratación indefinida realizada por unha persoa traballadora autónoma, para o coidado de menores e/ou maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia.
- Bono autónomo Concilia III: Será subvencionable o 75 % dos custos do centro ou do servizo de coidado de menores, maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia, ata un máximo de 3.000 €.

### Período subvencionable

O comprendido entre o 30 de setembro de 2023 e o 29 de setembro de 2024

### Requisitos

Bono Autónomo Concilia I:

A persoa solicitante ten ou tivo que estar de baixa por maternidade ou paternidade, ou situacións asimiladas. O contrato será de substitución, ou contrato indefinido, segundo o caso e formalizarse por escrito, en modelo oficial, e as tarefas que se vai realizar a persoa substituída deben ser as mesmas que as da persoa traballadora autónoma substituída.

Bono Autónomo Concilia II:

A persoa solicitante ten que acreditar a súa relación de parentesco ata o segundo grao de consanguinidade o afinidade coa persoa menor, maior e/ou persoa con discapacidade ou



dependencia ou acreditar a convivencia no mesmo domicilio que a persoa maior e/ou persoa con discapacidade e/ou dependente e con grado de discapacidade igual ou superior o 33 %, como mínimo, nos tres últimos meses anteriores á presentación da solicitude. No caso de menores acollidos non será necesario acreditar a convivencia previa. A contratación debe realizarse cunha persoa desempregada.

**Bono Autónomo Concilia III:**

A persoa solicitante terá que acreditar a contratación dun centro ou servizo de coidado de menores, maiores e/ou persoa con discapacidade ou dependencia ou acreditar a convivencia no mesmo domicilio que a persoa maior e/ou persoa con discapacidade e/ou dependente e con grado de discapacidade igual ou superior o 33 %, como mínimo, nos tres últimos meses anteriores á presentación da solicitude. No caso de menores acollidos, non será necesario acreditar a convivencia previa.

### **Contías**

**Bono Autónomo Concilia I:**

O importe da subvención será de 1.100 € por mes completo e polo período de duración da baixa de maternidade ou paternidade. Nos supostos de risco durante o embarazo o período máximo que se terá en conta para a axuda será de oito meses de contratación, sendo o importe máximo que se pode percibir de 8.800 €. No caso de transformación do contrato de substitución en contrato indefinido unha vez rematado o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, o importe da subvención será de 7.500 €, e acadará os 9.000 € cando a persoa se encadre nalgún dos colectivos sinalados.

**Bono Autónomo Concilia II:**

O importe da subvención para compensar a dita contratación será de 7.500 €, e acadará os 9.000 € cando a persoa se encadre nalgún dos colectivos sinalados, non acumulables.

**Bono Autónomo Concilia III:**

Será subvencionable o 75 % dos custos do centro ou do servizo de coidado de menores, maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia, ata un máximo de 3.000 €.

### **Solicitudes**

As solicitudes presentaranse no modelo que figuran na convocatoria xunto coa documentación requirida. Deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 25 de xaneiro ata o 29 de setembro de 2024.

### **Máis información**

DOG núm. 17, martes 24 de xaneiro de 2024:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240124/AnuncioG0656-030124-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240124/AnuncioG0656-030124-0001_es.pdf)  
(código de procedemento TR341R).